

DATOS IDENTIFICATIVOS								
Materia	Dirección e admón. de empresas deportivas						Código	620112516
Titulación	LICENCIADO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE						Ciclo	1º e 2º Ciclo
Créditos, tipo e calendario	Cr. totais	Cr. teóricos	Cr. prácticos	Tipo	Curso	Periodo		
	5.5	4.1	1.4	Troncal	Quinto	1º cuatrimestre		
Idioma	Castellano							
Departamento	Economía Aplicada 1							
Coordinador/a	,							
Profesores/as	Agullo Leal, Fernando				Correo electrónico	agullo@udc.es		
Web	http: fagullo.info							
Descrición / contextualización	<p>A asignatura de Dirección e Administración de Empresas Deportivas intégrase no plan de estudos da titulación de licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte no 2º ciclo e con carácter optativo. Para xustificar a súa inclusión neste plan de estudos pódese dicir que é unha maneira de facer fronte a situación na que se atopan os mozos ao tratar de se incorporar ao mercado de traballo e as dificultades que teñen que superar que pertencen ao devandito colectivo e ademais son titulados universitarios. Aínda que a taxa de paro entre os universitarios veuse reducir nos últimos anos, estes seguen atopándose con moitas dificultades a hora de incorporarse ao mercado laboral e cando o conseguen é en condicións bastante precarias. Esta situación non é idéntica para todos os titulados xa que depende en gran medida do título que se posúa e da duración dos seus estudos, ou o que é o mesmo, do nivel do título alcanzado: diplomado, licenciado ou, doutor.</p> <p>Habéndose pechado notablemente unha das súas súas profesionais dos licenciados en Educación Física, respecto do que noutras épocas sucedeu, como era o Ensino, unha das alternativas laborais dos nosos alumnos atópase na xestión do deporte. Nunha sociedade na que as formas de organización económica revisten formas cada vez máis complexas, é necesario para que se dediquen á xestión de empresas e, xa que logo tamén a xestión do deporte e das empresas deportivas, o estudo da economía e da empresa, non só como instrumento para o coñecemento e comprensión dos procesos económicos, senón tamén para a formación de actitudes éticas e sociais fronte a problemas tales como a creación de riqueza na economía, a súa distribución, o paro, ou a función da empresa no momento presente, etc.</p> <p>Ante esta situación, e en consoancia co que se ven facendo dende a propia UE, dende a Universidade e outros estamentos oficiais, incorpóranse ao plan de estudos esta materia tratando de inculcar o espírito emprendedor e a metodoloxía da creación e dirección de empresas entre os futuros licenciados. En definitiva, téntase acadar que os alumnos teñan curiosidade polo eido empresarial, e que tras unha análise crítica da situación e da súa incorporación ao mercado laboral , espertar neles a súa capacidade creativa, e fomentar o espírito emprendedor.</p> <p>A asignatura abrangue tanto a dimensión interna da empresa como das relacións coa súa contorna externa. Malia que pola súa natureza, esta materia ten un contido técnico propio da economía empresarial, integra, con todo, múltiples aspectos relacionados coa psicoloxía, a psicoloxía social e do traballo, a tecnoloxía, as técnicas e teorías da organización e da información, o dereito mercantil, etc. A parte da análise técnica, imprescindible para o coñecemento do funcionamento das empresas cada vez máis complexas no seu funcionamento, preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, recoñecer o valor social do espírito emprendedor, concedéndolle tanta relevancia ao análise puramente económico e instrumental como aos aspectos sociais.</p> <p>A Integración desta asignatura no plan de estudos queda plenamente xustificada porque:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Contesta á importante demanda social que nos últimos tempos esixe un coñecemento máis científico e técnico do ámbito da Actividade Física e o Deporte, á vez que se require dar resposta a problemas tan ineludibles como é o paro xuvenil e o desemprego dos licenciados. 2. Responde á letra e ao espírito da normativa legal que regula a creación e funcionamento dos Institutos Nacionais de Educación Física, así como o contido esencial da Lei de Reforma Universitaria e a súa reforma cando considera que a universidade ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta. 							

COMPETENCIAS DA TITULACIÓN		
TipoA	Código	Específicas
A1		Deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino – aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas.
A2		Promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte entre a poboación escolar.
A3		Planificar, desenvolver e controlar o proceso de adestramento nos seus distintos niveis.

- A4 Aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, durante a dirección do adestramento deportivo.
- A5 Avaliar a condición física e prescribir exercicios físicos orientados cara a saúde.
- A6 Promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte, entre a poboación adulta, maiores e discapacitados.
- A7 Identificar os riscos que se derivan para a saúde, da práctica de actividades físicas inadecuadas, entre a poboación que realiza práctica física orientada á saúde.
- A8 Planificar, desenvolver e avaliar a realización de actividades físico-deportivas recreativas.
- A9 Elaborar programas para a dirección de organizacións, entidades e instalacións deportivas.**
- A10 Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo, adecuado para cada tipo de actividade físico- deportiva recreativa.
- A11 Promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica actividade física e do deporte, entre a poboación que realiza adestramento deportivo.
- A12 Aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, na proposta de tarefas a ensinar no contexto educativo.
- A13 Identificar os riscos que se derivan para a saúde dos escolares, da práctica de actividades físicas inadecuadas.
- A14 Planificar, desenvolver e avaliar a realización de programas de deporte escolar.
- A15 Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo, adecuado para cada tipo de actividade na educación física.

TipoB **Código** **Transversais**

- B1 Aprender a aprender.
- B2 Resolver problemas de forma efectiva.**
- B3 Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.**
- B4 Traballar de forma autónoma con iniciativa.**
- B5 Traballar de forma colaboradora.**
- B6 Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.**
- B7 Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.**
- B8 Habilidade na xestión da información.**
- B9 Desenvolrar hábitos de excelencia e calidade no exercizo profesional.
- B10 Actuar dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.**

TipoC **Código** **Nucleares**

- C1 Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
- C2 Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
- C3 Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
- C4 Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
- C5 Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
- C6 Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
- C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
- C8 Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

OBXECTIVOS

Competencia	Tipoloxía	A	B	C
Sabe-las diferentes funcións que vai ter de desenvolver un emprendedor o dirigente de empresas servicios deportivos.	saber		B2	
	saber		B3	
	facer		B4	
	saber		B5	
	ser/estar		B6	
Coñecer e saber aplica-las diferentes estruturas organizativas e confeccionar un organigrama.	saber		B2	
	saber		B3	
	saber		B5	
	facer		B10	

Cóñecer as consecuencias que supón a contratación de traballadores. Tanto as obrigas como os dereitos de ambas partes, traballador e empresa. E as cuestións máis significativas das relacións laborais.	saber saber facer saber ser/estar	B2 B6 B10
Cóñecer-las diferntes fontes de financiación que poden utilizar as empresa para o seu funcionamento e posta en marcha . Saber as consecuencias das decisións de xestión financeira e as estratexias posibles para unha pequena empresa de servizos deportivos.	saber saber facer	B2 B4
Cóñece-los estados financeiros que ten que elaborar a empresa para o seu correcto funcionamento. O Plan Xeral de Contabilidade e a forma de efectua-los rexistros para determina-lo resultado.	saber saber facer	B2 B6 B7 B8
Adquirir competencias e habilidades que permitan analizar a situación económica- financeira de una empresa e toma-las decisións oportunas para a súa corrección , se é o caso. Adquirir-las habilidades que permitan determinar a viabilidade dun un proxecto de empresa de servizos deportivos.	saber saber facer saber ser/estar	B2 B4 B8
Elaborar programas para a dirección de organizacións, entidades e instalacións deportivas.	saber facer	A9

CONTIDOS	
Temas	Subtemas
Tema 1. O empresario e as súas funcións	1.1 Introducción 1.2 Función de planificación 1.3 Función de organización 1.4 Función de gestión 1.5 Función de control Anexo. A realidade das funcións de dirección
Tema 2. A organización de empresa e o seu personal	2.1 A organización formal: os organigramas 2.2 A organización informal 2.3 A contratación do personal 2.4 O nacemento do contrato de traballo: dereitos e obrigas das partes 2.5 A extinción do contrato de traballo 2.6 As relacións laborais Anexo. Modalidades de contratos de traballo
Tema 3. A administración e os estados financeiros da empresa	3.1 Introducción 3.2 O patrimonio: inversións e financiación 3.3 O Plan Xeral de Contabilidade 3.4 Os feitos contables e o seu rexistro 3.5 Aspectos contables das contas de ingresos e gastos. o proceso de regularización Anexo. Clasificación das fontes de financiación e as súas características
Tema 4. A análise económica-financieira da empresa	4.1 Introducción 4.2 A análise financeira 4.2.1 Os equilibrios financeiros 4.2.2 Os ratios (garantía, solvencia, liquidez e tesorería) 4.3 A análise económica 4.3.1 Os ratios (rentabilidade comercial, económica e financeira) 4.3.2 VAN e TIR 4.3.3 O punto morto Anexo. A xestión financeira

METODOLOXÍAS	
	Descrición
Obradoiro	Se realizarán prácticas en cada tema. Dentro dos métodos existentes para facer prácticas dos contidos teóricos estudados utilizaremos o de probas de ensaio ou resposta libre. A aplicación deste método implica a formulación dunha ou varias cuestións, que el alumno deberá desenvolver. O profesor utilizará como principios do procedemento de corrección: - A precisión na resposta. - A utilización de representacións gráficas como medio de expresión dos razonamentos. - A identificación dos conceptos e relacións relevantes. - Xerarquizar a súa importancia. , o alumno debe ter traballado o suficiente como para ter adquirido unhas destrezas prácticas que lle permitan expor,

transmitir e defender os efectos derivados do proceso de ensino-aprendizaxe.

Presentación oral

Dado que o alumno está cursando unha materia optativa cunha importante aplicación práctica, o alumno debe ter traballado o suficiente como para ter adquirido unhas destrezas prácticas que lle permitan expor, transmitir e defender oralmente os efectos derivados do proceso de ensino-aprendizaxe. Nas sesións presenciais terá a posibilidade de facer exposición tanto dos apartados dos contidos da materia, como das prácticas propostas.

Proba obxectiva

Nas datas aprobadas en Xunta de Centro se levará a cabo una proba obxectiva na que o alumno terá que responder ás preguntas dun cuestionario teórico-práctico (test de resposta pechada con catro alternativas, soa unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto) ou preguntas de resposta aberta (breve explicación, resumo, representación e interpretación de gráficas, resolución de problemas, etc.) ou de ambos tipos.

Sesión maxistral

É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes. A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, cón fin de transmitir certos coñecementos ao alumno. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos máis importantes da materia, e debora polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar aos alumnos por outros medios. A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmitir os contidos do programa dunha forma sistematizada e respetando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes: - Exposición dun marco global inicial que permita centra-lo tema. - Análise dos aspectos principais que integran o tema. - Síntese integradora do exposto. - Fixación breve e sinóptica do tema.

Traballos tutelados

A realización dos traballos tutelados consistirá na simulación da posta en marcha dun proxecto empresarial, do que se deberá cuantificar as inversións e as fontes de financiación empregadas, rexistrar os feitos contables do primeiro ano. Facer-los balances previsionais e Contas de Perdas e ganancias e elaborar a súa análise económica-financieira. Tamén poderá realizar calquera outro traballo que tendo relación cos contidos da asignatura queira presentar. O alumno cando decida o traballo tutelado a realizar deberá comunicarllo ao profesor, obter o seu visto bo e seguir o plan de tutorías que se estableza. Os traballos deberán ser entregados e defendidos con anterioridade a que finalice o cuatrimestre no que se imparte a asignatura e nunca máis tarde de dez días antes de fecha do exame da convocatoria ordinaria. Nas restantes convocatorias se entregarán, como máximo, na data fixada para a realización do examen, establecéndose entón a data de súa exposición e defensa

PLANIFICACIÓN

	Implica atención personalizada	Computa na avaliación	A Horas presenciais A	F Factor estimado de horas non presenciais C	B Horas non presenciais / traballo autónomo D	C (A+B) Horas totais (A+B+D) E
Obradoiro	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	10	1.5	15	25
Presentación oral	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	1	2.5	2.5	3.5
Proba obxectiva	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	2	0	0	2
Sesión maxistral	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	25	2	50	75
Traballos tutelados	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	10	2	20	30
Atención personalizada	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	2	0	0	2

C (A+B) 137.5
Horas totais E:

Carga lectiva en créditos ECTS UDC 5.5

ATENCIÓN PERSONALIZADA

	Descrición
Obradoiro	Traballos tutelados: para a súa realización é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso para asegurar a calidade dos traballos de acordo aos criterios indicados. O seguimento farase preferentemente de forma individualizada a través dos espazos de comunicación.
Presentación oral	
Sesión maxistral	
Traballos tutelados	
Atención personalizada	

AVALIACIÓN

	Descrición	Cualificación
Obradoiro	Obradoiro Realización e entrega de prácticas dos temas: ata 1,5 ptos (0,4 ptos cada unha). Entrega o último día programado para cada práctica.	15
Presentación oral	Exposición de apartado o práctica de un tema: ata 0,5 ptos (0,25 cada una, máximo 2)	5
Proba obxectiva	Proba obxectiva EXAME: supoñerá, como máximo o 30% da súa cualificación (3 PTOS) e seranlle outorgados polas puntuacións obtidas en el EXAME FINAL. Na data aprobada en Xunta de Centro se levará a cabo una proba obxectiva na que o alumno terá que responder ás preguntas dun cuestionario teórico-práctico (test de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto) ou preguntas de resposta aberta (breve explicación, resumo, representación e interpretación de gráficas, resolución de problemas, etc.) ou de ambos tipos.	30
Traballos tutelados	Traballos tutelados Elaboración e presentación da simulación da posta en marcha dun proxecto empresarial, preferiblemente de servicios deportivos, e a súa análise económica-financiera: ata 4 pto. Elaboración e presentación dun traballo en grupo dalgún tema relacionado cos contidos da asignatura: ata 1 ptos.	50

Observacións

En calquera caso o alumno que o desexa terá a posibilidade de presentarse exclusivamente ao exame final. Nas datas aprobadas en Xunta de Centro se levará a cabo una proba obxectiva na que o alumno terá que responder ás preguntas dun cuestionario teórico-práctico (test de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto) ou preguntas de resposta aberta (breve explicación, resumo, representación e interpretación de gráficas, resolución de problemas, etc.) ou de ambos tipos. A valoración neste caso do EXAME FINAL será: 10 PTOS.

Se o alumno decide no acollerse ao sistema de evaluación exclusivamente mediante un exame final senon ao descrito anteriormente, estoutro sistema permite deseñar o proceso de formación tendo como punto de partida o volume de traballo que o alumno deberá realizar para lograr os obxectivos propostos na asignatura, é dicir, a súa asistencia ás sesións que se realicen mediante a utilización de leccións magistrales, realización de traballos prácticos, asistencia a seminarios relacionados coa materia, prácticas, traballos de campo, etc, así como o traballo persoal que supón o estudo dos contidos do programa no domicilio ou en bibliotecas. Polo tanto o profesor pasa de ser un trasmisor de coñecementos a ser un xestor de información e a sús vez a alumno verase abrigado a deixar de ser un suxeito pasivo da aprendizaxe a pasar a ser un suxeito activo.

Este sistema supón un cambio radical de mentalidade no proceso docente e conleva un elevado compromiso académico xa que o profesor deberá realizar un seguimento do traballo de cada alumno e o seu esforzo, de maneira que o alumno deberá participar de forma activa nas sesións programadas (clases teórica, prácticas e tutorías), unhas presenciales e outras non presenciales.

Os traballos tutelados consistirá na elaboración e presentación dunha simulación de posta en marcha dun proxecto empresarial, preferiblemente de servicios deportivos, e a súa análise económica-financiera. Tamén se poderá presentar outro traballo en grupo que desenvolva e profunde nalgún tema relacionado cos contidos da asignatura.

O alumno cando decida o traballo a realizar deberá comunicarllo ao profesor, obter o seu visto bo e seguir o plan de tutorías que se estableza. Os traballos deberán ser entregados, presentados e defendidos cunha antelación mínima de 10 días á data prevista para o exame da convocatoria ordinaria a fin de poder poñer as cualificacións parciais con antelación á celebración do exame final. Nas convocatorias extraordinarias se entregara o día do exame e nese momento se establecerá a data de exposición.

FONTES DE INFORMACIÓN

Bibliografía básica

MOCHÓN, FRANCISCO. El arte de dirigir una empresa. Editorial McGraw-Hill. Madrid, 2006.

www.iespana.es/fernandoagullo

www.udc.es/fv (asignatura de Dirección e Administración de Empresas Deportivas, Código 620112516)

Bibliografía complementaria

AMADOR FERNÁNDEZ, SOTERO E CARAZO GONZÁLEZ, INOCENCIO Plan General de Contabilidad. Comentarios y casos prácticos. Editorial Centro de Estudios Financieros. Madrid, 1991.

AMADOR FERNÁNDEZ, SOTERO Y ESTESO SÁNCHEZ, FRANCISCO Contabilidad Financiera. Editorial Centro de Estudios Financieros. Madrid, 1993

GOFFEE, ROBERT Y JONES, GARET. "Las teorías clásicas sobre el liderazgo ofrecen una visión parcial y mecanicista. Los cuatro puntos cardinales", en Emprendedores nº 42. Editorial Hachette Filipacchi. Madrid, 2001.

TENA MILLÁN, JOAQUÍN. Organización de la empresa: teoría y aplicaciones. Editorial Gestión 2000. Barcelona, 1995.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ LUIS. Ética para empresarios y directivos. Editorial ESIC. Madrid, 1984.

DÍAZ DE CASTRO, JOSÉ Y REDONDO LÓPEZ, CARMEN. Administración de empresas. Libro de actividades. Casos, cuestiones y lecturas. Editorial Pirámide. Madrid, 1996.

DE LA FUENTE SABATÉ, JM Y OTROS. Diseño organizativo de la empresa. Editorial Cívitas. Madrid, 1998.

CLAVER CORTÉS, ENRIQUE Y OTROS. Manual de administración de empresas. Editorial Cívitas. Madrid, 1998.

BATEMAN, THOMAS. Administración. Una ventaja competitiva. Editorial McGraw-Hill. México, 2000.

DIEZ DE CASTRO, EMILIO PABLO Y OTROS. Administración y dirección. Editorial McGraw-Hill. Madrid, 2000.

AMAT SALAS, ORIOL. Contabilidad y finanzas para no financieros. Editorial Ediciones Deusto, SA. Bilbao, 2000.

SAEZ TORRECILLA Y OTRO. Contabilidad. Editorial McGraw-Hill. Madrid, 1998.

RIVERO, JOSÉ. Supuestos de Contabilidad financiera. Editorial Trivium, SA. Madrid, 1998.

DE ANDRÉS, FERNANDO. Viabilidad económica en centros deportivos. Editorial Gymnos. Madrid, 1998.

ALVAREZ LÓPEZ, JOSÉ. Análisis de balances. Editorial McGraw-Hill. Madrid, 1998.

ALVAREZ LÓPEZ, JOSÉ. Introducción a la Contabilidad. Supuestos y soluciones. Editorial Donostiarra, SA. San Sebastián, 1996.

SUÁREZ SUÁREZ, ANDRÉS. Economía financiera de la empresa. Editorial Pirámide. Madrid, 1991.

URÍAS VALIENTE, JESÚS. Análisis de estados financieros. Editorial McGraw-Hill.

Madrid, 1999.

CARRERA OLIVER, MERCEDES. Introducción a la contabilidad. Editorial Centro de Estudios Financieros. Madrid, 1998.

GOXEN, M^a ÁNGELES Y OTRO. Análisis de estados contables. Editorial Prentice Hall. Madrid, 1999.

DEL SOL, PATRICIO. Evaluación de decisiones estratégicas. Editorial McGraw-Hill. Santiago de Chile, 1999.

COOKE, ROBERT A. Curso McGraw-Hill de finanzas para no financieros. Editorial McGraw-Hill. Madrid, 1997.

RECOMENDACIONES

Creación de empresas deportivas/620112414

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Creación de empresas deportivas/620112414

Observacións

Ainda que non é imprescindible, si é aconsellable o ter cursado a asignatura de Creación de empresas deportivas (optativa de 4º ó 5º), xa que os obxetivos desta materia veñen a complementar os acadados na citada materia de Creación de empresas, posto que unha vez que se coñece como poñer en marcha unha empresa é necesario comprender-lo proceso de dirección e administración. Se xa non fose posible ter cursado previamente a materia de Creación de empresas, se recomenda cursa-la simultaneamente con esta asignatura de Dirección e administración de empresas deportivas.